

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 04 DE DECEMBRO DE 2015

PARCELACIÓNS.-

LIC/642/2014.- JOSE LUÍS IGLESIAS OTERO.- Conceder a licenza de parcelamento modificada dunha parcela sita en Lugar de Marantes nº 3.

LIC/17/2015.- FRANCISCO CARBALLIDO MARTINEZ.- Conceder a licenza de parcelamento dunha parcela sita no lugar de Pereiras nº 27.

PROPOSTA DE RESOLUCION RELATIVA AO EXPEDIENTE DE REVISIÓN DE LICENZAS DERIVADO DO PROCEDEMENTO ORDINARIO 18/2011. LICENZAS CONCEDIDAS A LORYGAR, S. L., EN VIDÁN, BRANDÍA EXPEDIENTE LIC/2929/2004.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de parcelamento modificada dunha parcela sita no Lugar de Marantes, nº 3. (LIC/642/2014). Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de parcelamento dunha parcela sita no Lugar de Pereiras, nº 27. (LIC/17/2015). Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa ao expediente de revisión de licenzas derivado do Procedemento Ordinario 18/2011. Licenzas concedidas a LORYGAR, S.L., en Vidán, Brandía. Apróbase a proposta, cos seguintes puntos:

1.-Desestimación da alegación presentada por D. Ubaldo Rivas Romero e toma de coñecemento da alegación presentada por D. Antonio Montero Vilar, en representación de Lorygar S.L.

2.-Desestimación da solicitude de nulidade das licenzas de obra e actividade concedidas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de xullo de 2005, así como das obras de ampliación e rehabilitación concedidas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de marzo de 2008 á entidade Lorygar S.L. para actividade hoteleira na antiga fábrica de papel de Vidán.

3.-Previamente á adopción do acordo desestimatorio da declaración de nulidade, remitir o expediente ao Consello Consultivo de Galicia, de acordo co previsto na lei.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á ampliación de horario no peche solicitada pola Asociación Hostelería Compostela para determinadas datas. Apróbase a proposta para ampliar nunha hora o horario de peche dos establecementos de hostalería nos días 18, 19, 24, 25, 26 e 31 de decembro de 2015, e 1, 2 e 5 de xaneiro de 2016.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos cidadáns, Dereito á vivenda e Mobilidade relativa á tramitación de prezos contraditorios para a reparación da beirarrúa no acceso ao COLEXIO PÍO XII. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa ao nomeamento de substituto en supervisión de contrato de mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e do túnel do Hórreo. Apróbase a proposta.

8 a 47.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto do lixo, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores,

saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase a proposta.

48.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao rexeitamento de recurso de reposición interposto por ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. Acórdase rexeitar o recurso de reposición interposto polo Arcebispo de Santiago de Compostela, mantendo o establecido no acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xuño de 2015, polo que se resolve denegarlle a exención no Imposto sobre construcións, instalacións e obras (en relación ás obras do Asilo de Carretas). Enténdese que non concorre o elemento subxectivo determinante da exención posto que o dono da obra, suxeito pasivo do imposto, non é unha entidade relixiosa das previstas no acordo económico entre o Estado Español e a Santa Sede.

49.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión de bonificación na Taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público municipal a NORTIDEAS COMUNICACIÓN SL. Apróbase a proposta

50.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa ao expediente de resolución definitiva da convocatoria para a concesión de bolsas de comedor escolar, para o alumnado de centros docentes públicos e privados concertados de Educación Primaria Obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2015/2016. Apróbase a proposta. O gasto total para o curso 2015/2016 ascende a 165.727,40 euros, dos que 64.797,64 euros corresponden ao período comprendido entre setembro e decembro de 2015, e 100.929,76 euros ao período entre xaneiro e xuño de 2016. En concreto concédense 217 bolsas asistenciais e 41 bolsas de conciliación, e desestimáronse 89 solicitudes.

51.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativas á denegación de axudas do Programa Santiago Suma de Inclusión Social. Apróbase a proposta.

52.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á adxudicación provisoria de autorizacións de venda ambulante no Mercado de Salgueiriños. Dos 65 postos dispoñibles, adxudicáronse de forma provisoria os seguintes.

- _1 pulpería ou elaboración de comida rápida
- _2 churrería
- _4 produtos hortofructícolas
- _3 artesanía
- _9 xamóns, embutidos e salazóns
- _10 textil e calzado

53.- Proposta da alcaldía relativa á sinatura do convenio cultural entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Gonzalo Torrente Ballester. Dáse conta da sinatura do convenio, polo que o Concello lle fará unha achega de 41.000 euros á Fundación Gonzalo Torrente Ballester

URXENCIAS

1.Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía para a sinatura dun convenio coa Universidade de Santiago para a realización de actividades no ámbito da educación non formal e de convivencia. Apróbase a proposta

2.-Recoñecementos extraxudiciais de crédito. Levántase o reparo a unha relación de facturas por prestación do subministro de electricidade, por un importe total de 68.866,37 euros